

ANEXO IV

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

| | | |
|------------------|---------------|----------|
| TITULAR DA CONTA | | DNI/NIF |
| ENDEREZO | | |
| LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |

DATOS DA CONTA

| | | | |
|----------------------------|-----------------|----------|-----------------|
| CÓDIGO ENTIDADE FINANCEIRA | CÓDIGO SUCURSAL | D.C. | CÓDIGO DA CONTA |
| ENTIDADE FINANCEIRA | | ENDEREZO | |
| CÓDIGO POSTAL | LOCALIDADE | | |

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta.

_____ de _____ de 200__
 Sinatura do solicitante Sinatura e selo da entidade financeira

ANEXO V

COMUNICACIÓN DE INICIO DAS ACCIÓNS

D/Dª _____ en representación da Entidade _____ con NIF _____ que ten concedida unha subvención ao abeiro da orde _____, para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego aprobada por Resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, de data _____, e número de expediente _____,

COMUNICA:

Á Subdirección Xeral de Colocación da Dirección Xeral de Formación e Colocación, que con data _____ iniciáronse as actividades de:

- Información (tratamento de demandas).
- Orientación.

E, para tal efecto contratouse o persoal que se especifica a continuación:

| NOME | NIF | DATA DE INICIO | TIPO DE PERSOAL (TÉCNICO/PERSOAL DE APOIO) |
|-------|-------|----------------|--|
| _____ | _____ | _____ | _____ |
| _____ | _____ | _____ | _____ |
| _____ | _____ | _____ | _____ |

_____ de _____ de 200__

Sinatura e selo da entidade

Asdo.: _____

ANEXO VI

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE GASTOS * : ATA O 31-12-2005

DESDE O 1-1-2006 ATA O 31-3-2006

D. _____ con NIF _____, con código SGC _____ en calidade de _____ do centro _____, con código SGC _____ e nº de expediente _____.

CERTIFICA:

Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións do expediente de referencia, correspondentes ao período comprendido entre o día _____ e o día _____, destinouse aos fins para os que se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a estas, e que os gastos efectuados para tal fin, con cargo á dita subvención, son os que se detallan a continuación:

1.- GASTOS DE PERSOAL

| 1.1.- PERSOAL TÉCNICO | | SALARIO BRUTO | COTIZACIÓN SS EMPRESA | TOTAL |
|--|--|----------------------|------------------------------|---------------------|
| RELACIONAR TÉCNICOS E OS MESES QUE SE IMPUTAN | | | | |
| | | | | SUBTOTAL 1.1 |
| 1.2.- PERSOAL DE APOIO (AUXILIARES) | | SALARIO BRUTO | COTIZACIÓN SS EMPRESA | TOTAL |
| RELACIONAR PERSOAL DE APOIO E OS MESES QUE SE IMPUTAN | | | | |
| | | | | SUBTOTAL 1.2 |
| | | | | TOTAL 1 |

2.- GASTOS XERAIS

| CONCEPTO | Nº FACTURA | DATA FACTURA | NIF | RAZÓN SOCIAL | TOTAL FACTURA | % QUE SE VAI APLICAR | TOTAL IMPUTABLE |
|--|-------------------|---------------------|------------|---------------------|----------------------|-----------------------------|------------------------|
| A) GASTOS DE ELABORACIÓN DE MATERIAL TÉCNICO | | | | | | | |
| B) GASTOS EN MATERIAL DE OFICINA, IMPRESOS E MATERIAL FUNXIBLE | | | | | | | |
| C) GASTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS ACCIÓNS: | | | | | | | |
| C.1) ALUGUERES (LEASING EXCLUÍDO) | | | | | | | |
| C.2) SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL | | | | | | | |
| C.3) MANTEMENTO (SE NON ESTÁ INCLUÍDO NO ALUGUER) | | | | | | | |
| C.4) SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN (SE NON ESTÁ INCLUÍDO NO ALUGUER), COMUNICACIÓN (TELÉFONOS, CORREOS), LIMPEZA, SEGURIDADE E VIXILANCIA | | | | | | | |
| D) GASTOS QUE SE ORIXINEN POR AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS | | | | | | | |
| | | | | | | TOTAL 2 | |
| | | | | | | TOTAL (GASTOS 1+2) | |

* En papel con logotipo da entidade
Lembren que todas as follas do certificado deben estar asinadas e seladas

CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN

Orde do 27 de decembro de 2004 pola que se regula a concesión de subvencións a asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados.

O Decreto 274/2004, do 18 de novembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Emigración, establece entre as súas competencias o exercicio da política inmigratoria en Galicia.

O fenómeno da globalización e os constantes movementos migratorios que actualmente se están producindo afecta a todos os países, e Galicia non é allea a esta situación. De feito, a nosa comunidade autónoma presenta nos últimos cinco anos un notable incremento dos movementos inmigratorios. Ante esta situación, a creación da Consellería de Emigración responde á decisión do Goberno galego de elaborar unha política autonómica propia en materia de inmigración, axeitada á realidade que se está a presentar no noso país.

Con este fin, e con base na competencia asumida pola consellería, de apoio ao movemento asociativo inmigratorio, e ante a existencia de asociacións de inmigrantes e emigrantes retornados radicadas no noso territorio, convócase esta orde de axudas co fin de facilitarlles a estas entidades o desenvolvemento das súas actuacións.

Finalmente, o marco normativo ao cal se axusta esta convocatoria, ademais das bases establecidas nela, axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de subvencións, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos do exercicio do ano seguinte, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 17.03.213A.480 (160.000 euros) e 17.03.213A.780 (50.000 euros) que figuran no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2005.

Por todo o exposto, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e finalidade da convocatoria.

O obxecto desta orde é regular os requisitos e as condicións para a concesión de subvencións a aso-

ciacións de emigrantes retornados e inmigrantes radicadas en Galicia e que desenvolvan programas que favorezan a integración social destes colectivos na nosa comunidade autónoma.

Artigo 2º.-Requisitos das entidades solicitantes.

As asociacións que soliciten subvención con cargo a esta convocatoria deberán reunir, na data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, os seguintes requisitos:

a) Estar debidamente inscrita como asociación sen ánimo de lucro no rexistro de asociacións da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, e constituída maioritariamente por inmigrantes ou emigrantes retornados.

b) Ter entre os seus fins estatutarios a atención a emigrantes retornados ou á poboación inmigrante en Galicia, e que así conste expresamente nos seus estatutos.

c) Ter un local propio no territorio autonómico no cal se realicen as actividades.

d) Desenvolver programas que favorezan a integración social destes colectivos.

e) Ter xustificado, de ser o caso, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria, outras subvencións concedidas pola Consellería de Emigración.

Artigo 3º.-Accións subvencionables e contía da axuda.

Poderán subvencionarse con cargo a esta convocatoria os gastos correntes, excluídos os gastos de persoal da propia asociación, e de equipamento, derivados do funcionamento das entidades, así como para a realización de actividades correspondentes ao exercicio económico do ano 2005.

Cada entidade beneficiaria poderá recibir unha axuda máxima de ata o 70% do orzamento total presentado, sendo a cantidade máxima a solicitar e recibir por asociación de 10.000 €.

Artigo 4º.-Criterios de valoración.

1. Para a determinación tanto das asociacións beneficiarias como da contía que se vai conceder a cada unha delas, teranse en conta:

a) Nº de asociados. De 0 a 100 con 10 puntos; de 101 a 200 con 20 puntos; de 201 a 300 socios con 30 puntos e máis de 300 socios, 40 puntos.

b) Realización de actividades que vai desenvolver a asociación e que se deberán encadrar dentro dos seguintes programas:

I. Programas de sensibilización e fomento da interculturalidade, que promovan accións tendentes ao respecto e á tolerancia e que rexeiten toda clase